

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2024

Ás 10:40 horas do día 10 de xuño de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de xuño de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Fernando González Abeijón, representante do PP  
María Isabel Fernández Gabriel, suplente da titular da Asesoría Xurídica  
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral  
Pablo Varela Ballesteros, economista da Dirección de Ingresos  
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos  
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos  
Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 2a, 3a e 11b)  
Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 5a e 6a)  
José Francisco Mourelle González, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade" (12850-224)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. FOROX INNOVACION, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. ACADEMIA TRINIDAD, S.L. En concreto deberá presentar:

- Novo DEUC no que se aclare a representación legal da licitadora, xa que a documentación presentada está asinada dixitalmente por N.R.F. pero no DEUC presentado indícase, no apartado B da Parte II (*Información sobre los representantes del operador económico #1*) que o representante legal é R.G.G.

### 3. Apertura das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con Nós pola Igualdade" (12850-224)**

Retírase da orde do día por ter que emendar a documentación do sobre A unha das licitadoras presentadas.

### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o veterinario do 3 de xuño de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliáble mediante xuízo de valor" que é aceptado por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



En vista do devandito informe, a Mesa acorda, tamén por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, excluír deste procedemento a ATHISA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. e CENTRO CANINO LA ERIA, S.C. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“*Ofertas con calidade técnica inadecuada: serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación do criterio suxeito a xuízo de valor inferior a un 50% (20 puntos) da puntuación máxima. (...) En consecuencia, aquelas ofertas situadas no grupo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación*”).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 5 de xuño de 2024 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 5 de xuño de 2024 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

En vista do devandito informe, a Mesa acorda, tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a OVEJERO SEQUEIRO, S.L., MANANTIAL DE IDEAS S.L, e de PREMIUMCOVER S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“*Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 20 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 20 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.*”).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 3 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4H2S2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A continuación entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 5 de xuño de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e o informe que corrixe o anterior por erro material ao faltar nun dos apartados a puntuación si reflectida na táboa final, asinado o 7 de xuño de 2024 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Sendo aceptado este segundo informe por unanimidade dos/as membros presentes, e, en vista do mesmo, a Mesa acorda tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo (16565-306)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de redución do prezo do contrato	Incremento do investimento en campañas informativas	Incremento anual da dotación mínima para pequenas accións de mantemento
1	EULEN, S.A.	1,35 %	5.000 €	100 %
2	SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L.	3,70	5.000 €	100 %

Asiste como público á apertura:

1. Yolanda Fernández Arias, en representación de SERVICIOS GALLEGOS DE LACERÍA, S.L.
2. Juan Carlos González González, en representación de CENTRO CANINO LA ERÍA, S.C.
3. Juan Patricio Llorente Igea, en representación de EULEN S.A.
4. Alejandra Alarcón Morcillo, en representación de ATHISA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 4 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos do apartado 3.G da FEC	Nº de PAUS para actividades de espectáculos públicos e recreativas elaborados polo medio persoal mínimo a adscribir ao contrato
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN S.L. (Lote 1)	15 %	17,00

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I (FEC) do PCAP e a cláusula 16 do mesmo, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

	Licitador	Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos do apartado 3.G da FEC	Nº de PAUS para actividades de espectáculos públicos e recreativas elaborados polo medio persoal mínimo a adscribir ao contrato
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN S.L. (Lote 1)	40,00	20,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (39,60 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN S.L. (Lote 1)	37,00	60,00	97,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de maio de 2024, de NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP "Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.").



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L.	97,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)**

Procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G da FEC	Incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no PPTP para todos os eventos
1	THE TICKET COMPANY, S.L.	15 %	3,00

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I (FEC) do PCAP e a cláusula 16 do mesmo, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 6 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G da FEC	Incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no PPTP para todos os eventos
1	THE TICKET COMPANY, S.L.	39,00	21,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (39,60 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	THE TICKET COMPANY, S.L.	27,00	60,00	87,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de OVEJERO SEQUEIRO, S.L., MANANTIAL DE IDEAS S.L, e de PREMIUMCOVER S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 20 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 20 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa “Vigo en Festas” (10136-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	THE TICKET COMPANY, S.L.	87,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, THE TICKET COMPANY, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 7 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

**d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo ofertado para a parte fixa (sen IVE)	Porcentaxe única de redución dos prezos unitario recollidos no apartado 3.G da FEC
1	SACAFERRO, S.L.	31.088,07 €	9 %

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I (FEC) do PCAP e a cláusula 16 do mesmo, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

	Licitador	Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G da FEC	Incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no PPTP para todos os eventos
1	SACAFERRO, S.L.	50,00	5,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (39,60 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SACAFERRO, S.L.	35,00	55,00	90,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xuño de 2024, de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 22,5 puntos. Os licitadores que non acaden un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



*mínimo de 22,5 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.”)*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SACAFERRO, S.L.	90,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

## 11. Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. en 24 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, da habilitación profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, presentan as inscricións no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U., así como os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. Finalmente, figuran no expediente os certificados positivos de débedas das tres compoñentes da UTE.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 9 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/11/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 16/02/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Memoria económica do contrato de data 20/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 20/02/2024 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 26/02/2024, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27/02/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 28/02/2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 362.500,00 €, que inclúe un I.V.E. de 62.913,22 €, dende o 1 de xullo de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	Total
2024	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.22200 00	299.586,78 €	62.913,22 €	362.500,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 2.537.500,00 € (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	Total
2025	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.22200 00	599.173,55 €	125.826,4 5 €	725.000,00 €
2026	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.22200 00	599.173,55 €	125.826,4 5 €	725.000,00 €
2027	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.22200 00	599.173,55 €	125.826,4 5 €	725.000,00 €
2028	SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS	9200.22200 00	299.586,78 €	62.913,22 €	362.500,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113) na seguinte orde descendente:*

	Licitadoras	Total puntos
1	UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.,. TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.	95,19
2	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	93,10

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.,. TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Asemade, lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.,. TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U., o día 24 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida os días 28 e 30 de maio e 3 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e o certificado de inscrición de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, nos que figura a constitución das mercantís, obxecto social, e, no caso de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. o apoderamento do seus representantes e os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- A escritura de constitución e a escritura de cambio de denominación de TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexos IV do PCAP, asinados dixitalmente polos representantes respectivos.
- Anexos V do PCAP, asinados dixitalmente polos representantes respectivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (507.500,00 €), presentan as contas das tres mercantís dos anos 2021 (TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.) e 2022 (TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. e TELFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.) nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (507.500,00 €), presentan certificados de boa execución das tres mercantís nos que a suma dos importes dos anos 2022 (TELFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U.) e 2023 (TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. e TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.), respectivamente, supera esta cantidade.
- Certificación da Habilitación profesional.
- Dous avais por un importe de 118.636,36 € e 1.198,35 €, respectivamente, que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas de TELFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo para as tres mercantís.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 13 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 20 de maio de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U. E TELEFÓNICA IOT & BIG DATA TECH, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo (10119-113) coas seguintes condicións:*

- a) *a) O prezo total do contrato é de 2.900.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 503.305,79 € euros, conforme á seguinte táboa de prezos anuais:*

		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		599.173,554 €	125.826,446 €	725.000 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
	Total chamadas 010	0 €	0 €	0 €
Suma totais		599.173,554 €	125.826,446€	725.000 €

- b) *Os prezos unitarios son os seguintes:*

Servizo	Custo anual sen IVE
<b>Rede Wan Corporativa</b>	
Sede tipo A	3.480 €/ano
Sede tipo B	5.412 €/ano
Sede tipo C	3.283 €/ano
Sede tipo D	1.022 €/ano
<b>Acceso a Internet Corporativo</b>	
Ampliación 1 Gbps simétrico garantido	14.880 €/ano
<b>Rede de voz fixa corporativa integrada (1)</b>	
Terminal gama estándar	231 €
Terminal gama avanzada	231 €
Terminal gama avanzada ampliada	239 €
Terminal gama operadora	578 €
<b>Rede móbil corporativa integrada</b>	
<b>Tarifas Planas (2)</b>	



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Tarifa plana de datos IoT	36 €/ano
Tarifa plana estándar	168 €/ano
Tarifa plana gran consumidor	264€ /ano
Tarifa plana especial	348 €/ano
<b>Servizo M2M</b>	
Subministro 100 tarxetas adicionais	3600 €/ano
<b>Terminais</b>	
Terminal básico	40 €/terminal
Terminal smartphone estándar gama media	246 €/terminal
Terminal smartphone gama alta	521 €/terminal
<b>Bolsa para terminais móbiles (3)</b>	38.694 €/ano
<b>Servizos de comunicacións non integrados</b>	
Liña VOZ	194 €/ano
Acceso a internet estándar 600 Mbps simétrico	1.022 €/ano
Acceso a internet estándar 1 Gbps simétrico	1.022 €/ano
<b>Seguridade das comunicacións</b>	
Mitigación adicional unitaria anti - DDOS	17.858 €

c) *As horas anuais "in situ" son as seguintes:*

CVF.2 asistencia in situ	
Total horas ofertadas	2024

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria da infancia (SADI) (12768-224)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS en 24 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, presentan o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social, figurando no expediente o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria da infancia (SADI) (12768-224)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI)".*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 5 de abril de 2024.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o día 9 de febreiro de 2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 411.899,69 € que inclúe un IVE (10%) de 37.445,43 € para a contratación da "Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI)" que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Sadi kanguros" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica, do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e dos futuros orzamentos que se aproben para os exercicios 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 68.649,95 € imputarase ao exercicio 2024, 205.949,84 € imputarase ao exercicio 2025, e 137.299,89 € imputarase ao exercicio 2026.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliar da infancia (SADI) (12768-224) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Total puntos</b>
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	98,00

*Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, o día 24 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida o 4 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da licitadora, o obxecto social e o apoderamento da súa representante, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA..
- O acordo de constitución da asociación, a escritura de titularidade real e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento da representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (144.164,89 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (144.164,89 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 17 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



- Xustificante de Tesourería do ingreso da garantía por un importe de 37.445,43 € que cobre a garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificados positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 10 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, de acordo co informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 21 de maio de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 24 de maio de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HZS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



"Adxudicar a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión do servizo municipal de atención domiciliar da infancia (SADI) (12768-224) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 411.899,69 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.445,43 euros.
- Propón un porcentaxe de desconto único do 1,5 % a aplicar aos prezos unitarios sen IVE previstos no apartado 3.G desta FEC.
- Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais, en horario ordinario (de luns a venres entre as 6:00h e as 22:00h) sen custo para o Concello (máximo 50 horas anuais).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:06	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA45C-ABEBC5-E687EB-J4HYS2-PGTLZ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		